

Corrección de erros.-Resolución conxunta do 20 de febreiro de 2006, do Instituto Galego de Consumo e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se convoca a fase autonómica do concurso de premios sobre consumo responsable: «Consumópolis».

Advertidos erros na publicación da devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 39, do 24 de febreiro, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 2.912, onde di:

«c) os traballos presentaranse en idioma galego normativizado, facéndose cargo o Instituto Galego de Consumo da tradución ao castelán dos traballos que representen á comunidade autónoma na fase estatal».

Debe dicir:

«c) os traballos poderanse presentar en castelán e en galego indistintamente. No caso de que os gañadores da fase autonómica realizaran estes traballos en galego, o Instituto Galego de Consumo farase cargo da súa tradución ao castelán para a presentación na fase nacional, co obxecto de que un mesmo xurado poida valorar por igual a todos os finalistas».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 9 de marzo de 2006 pola que se prorroga o prazo de presentación da solicitude unificada, establecido pola do 6 de febreiro de 2006 para o réxime do pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría.

A Orde do 6 de febreiro de 2006, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 14 de febreiro, regula na Comunidade Autónoma de Galicia o procedemento para a concesión de dereitos a agricultores dentro do réxime do pagamento único e a aplicación, en 2006, deste e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría así como a indemnización compensatoria. No seu artigo 4.1º establécese que o prazo de presentación das solicitudes rematará o día 10 de marzo de 2006.

Por orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 8 de marzo de 2006 (BOE do 9 de marzo), prorrógase o prazo de presentación das solicitudes das axudas establecidas nos reais decretos 1617/2005, do 30 de decembro, sobre a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime do pagamento único, e 1618/2005, do 30 de decembro, sobre a aplicación do réxime do pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e á gandaría, polo que cómpre, de acordo coa dita normativa básica estatal, modificar o prazo de presentación das solicitudes previstas na normativa autonómica reguladora desas axudas.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do EAG e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e no Decreto 562/2005, do 1 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo único.-O prazo de presentación da solicitude unificada, previsto no artigo 4.1º da Orde do 6 de febreiro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 14) pola que se regula a concesión de dereitos a agricultores dentro do réxime do pagamento único e a aplicación, en 2006, deste e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría así como a indemnización compensatoria, prorrógase ata o 28 de abril de 2006, incluído.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 13 de febreiro de 2006 pola que se declara de interese galego a Fundación para la Investigación, Desarrollo e Innovación del Complejo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo (FIDI Xeral-Calde) e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Con data do 11 de agosto de 2005 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 27 de xullo de 2005, pola que se clasifica como de interese sanitario a *Fundación para a Investigación, Desarrollo e Innovación del Complejo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo* (FIDI Xeral-Calde), adscribíndoa á Consellería de Sanidade que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Esta fundación, de acordo co establecido no artigo 8 dos seus estatutos ten como obxecto organizar, promover e realizar actividades relacionadas coa formación, docencia, investigación e innovación en ciencias da saúde no Complejo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo e a súa área de influencia, con interese preferente nas áreas biomédicas.

Por todo isto, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido no artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro e o artigo 32.3º a) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de